

Orde de 27 de maio de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas a persoas inmigrantes, e se procede á súa convocatoria.

Esta convocatoria de subvencións pretende ser un instrumento útil para favorecer a incorporación ao mercado de traballo das persoas inmigrantes residentes na nosa comunidade mediante a realización de accións tales como planificación e programación de itinerarios profesionais de inserción que permitan o acceso da poboación inmigrante ao mercado laboral, a realización de itinerarios formativos personalizados, formación en competencias laborais que se axusten ás necesidades do mercado de traballo na nosa comunidade ou levar as accións formativas a zonas en que se detecte un número elevado de poboación inmigrante, con necesidades formativas específicas provenientes tanto da oferta como da demanda.

O Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, atribúelle a esta, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación, o exercicio das competencias, entre outras, en materia de formación para o emprego e intermediación no mercado de traballo, colocación e orientación laboral.

A Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro, modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo, determina os gastos subvencionables polo Fondo Social Europeo.

O financiamento das axudas previstas nesta orde de convocatoria farase con cargo aos créditos dos programas 12.05.322B.461.0 e 12.05.322B.481.2, código de proxecto 2010 00801, que figuran na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

Estas axudas son financiadas polo Fondo Social Europeo ao 80% no eixe 2, tema prioritario 70, do Programa operativo de Galicia 2007-2013, CCI2007ES051P0004.

Con base no exposto, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais e emitidos os informes preceptivos na tramitación desta orde, por proposta da Dirección Xeral de Formación e Colocación e en uso das facultades conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión das subvencións para a realización das accións de orientación laboral e de mellora da empregabilidade dirixidas a promover a acollida, a integración e o esforzo educativo das persoas inmigrantes.

Artigo 2º.-*Finalidade da subvención.*

Esta orde ten por finalidade conseguir a integración laboral da poboación inmigrante da Comunidade Autónoma de Galicia a través da realización das accións incluídas dentro dun itinerario integrado de orientación laboral e de mellora da empregabilidade.

Artigo 3º.-*Destinatarios.*

1. Poboación inmigrante en Galicia, ben desempregados inscritos como demandantes no Servizo Público de Emprego de Galicia ou ben persoas ocupadas.

Non se consideran, para estes efectos, inmigrantes as persoas que teñan dúas nacionalidades, sendo unha delas a nacionalidade española.

2. Con carácter xeral, polo menos o 30% das persoas beneficiarias das accións incluídas dentro dun itinerario integrado de orientación laboral e de mellora da empregabilidade deberán ser perceptoras de prestacións ou subsidios por desemprego. Esta porcentaxe reducirase en proporción ao número de persoas beneficiarias de prestacións ou subsidios inscritas como demandantes de emprego na localidade en que se vaian desenvolver as ditas accións.

Quedarán excluídos deste requisito os programas cuxos participantes sexan na súa totalidade persoas desempregadas previamente admitidas ao programa de renda activa de inserción ou beneficiarias da renda de integración social de Galicia.

3. O Servizo Público de Emprego seleccionará os demandantes de emprego dispoñibles para a súa incorporación aos ditos programas conforme os criterios xerais deste artigo, e a entidade beneficiaria poderá participar no proceso de selección.

Artigo 4º.-*Entidades beneficiarias.*

Poderán acceder a esta subvención, en réxime de concorrencia competitiva, as entidades que teñan personalidade xurídica propia e carezan de fins lucrativos e as corporacións locais.

Non poderán ser entidades beneficiarias aquelas en que concorra algunha das causas expresadas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As entidades beneficiarias das subvencións terán que cumprir as obrigas establecidas nos artigos 11 e 31.7º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Estarán exentas da acreditación das ditas obrigas as entidades relacionadas na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010.

As entidades beneficiarias terán que comunicar a obtención doutras subvencións tal e como establece o artigo 11 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 5º.-*Subcontratación.*

Cando as entidades beneficiarias teñan que recorrer á subcontratación, deberán cumprir co estable-

cido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 6º.-*Obxectivos.*

1. Os programas establecerán obxectivos cuantificados de inserción laboral das persoas desempregadas participantes nestes de, polo menos, o 10% dos demandantes de emprego atendidos durante o desenvolvemento do programa.

O dito obxectivo cuantificado de inserción será tamén do 10% cando todos os participantes no programa sexan traballadores e traballadoras en situación de desemprego previamente admitidos ao programa de renda activa de inserción e que subscribisen o compromiso de actividade e/ou perceptores da renda de integración social de Galicia.

2. Con carácter xeral, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando, durante a vixencia do programa, o traballador e traballadora en situación de desemprego sexa contratado/a como traballador/a por conta allea por unha duración non inferior a seis meses.

Igualmente, considerarase que a inserción laboral se conseguiu cando durante a vixencia do programa, e durante un período dun ano como mínimo, se acredite a constitución en traballadores/as autónomos ou por conta propia das persoas desempregadas participantes no dito programa.

3. Segundo o artigo 33 da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade de mulleres de Galicia, na totalidade das actividades formativas de formación profesional, ocupacional, continua ou de inserción laboral activa financiadas polo departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, cunha duración de cinco horas nos cursos de duración menor ou igual a cincuenta horas e de dez horas nos cursos de duración superior a cincuenta horas.

4. O prazo de execución dos programas será o período comprendido entre a data da resolución de concesión da subvención e o 30 de novembro de 2010.

Artigo 7º.-*Contía das subvencións.*

1. O importe da subvención poderá alcanzar o 100% do custo do programa e será a suma dos importes orzados polos conceptos relacionados no artigo 8 desta orde.

En todo caso, garantirase que as entidades beneficiarias poidan imputar os gastos efectivamente executados.

2. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, supere o

custo da actividade que vai desenvolver a entidade solicitante.

Artigo 8º.-*Gastos imputables.*

1. A subvención determinada na resolución destinarase a cubrir os gastos da entidade relativos a:

a) Os custos salariais e de Seguridade Social do persoal necesario para a realización da orientación e/ou formación dos demandantes de emprego, ademais do persoal que presta servizos na entidade beneficiaria e aqueloutro que poida contratarse para tal fin, ata un límite de 42.000 euros anuais por traballador/a. No primeiro caso, imputaráselle ao programa as partes proporcionais do tempo efectivamente dedicado ao proxecto.

As retribucións refírense á prestación de servizos a xornada completa. As retribucións acomodaranse proporcionalmente á xornada que se desenvolva no caso de que a prestación de servizos sexa a tempo parcial.

b) Gastos de axudas de custo e desprazamento do dito persoal e dos demandantes que participen no programa.

c) Gastos derivados da contratación de medios externos dirixidos á formación dos desempregados participantes no programa, así como as pólizas de seguros para a formación técnica e prácticas ocupacionais deles en caso necesario.

d) Gastos de amortización de materiais e equipamentos técnicos necesarios para impartir a formación, co límite do 10% do custo total do proxecto.

Para que os ditos gastos sexan subvencionables será necesario xustificar que as subvencións non contribuíron á compra dos bens.

e) Gastos xerais, materiais e técnicos co límite do 25% do custo total do proxecto. Estes gastos inclúen os seguintes:

1) Gastos de execución de material técnico (guías, documentación para o participante...) e de execución en material de oficina.

2) Gastos xerais necesarios para a execución das accións na parte correspondente á dita execución:

-Arrendamento (*leasing* excluído): edificios, mobiliario, efectos e equipamentos de arrendamento.

-Mantemento (se non está incluído no arrendamento).

-Subministración de enerxía eléctrica, auga, combustible para calefacción (se non está incluído no arrendamento).

-Comunicacións (teléfono, correos...).

-Limpeza.

-Seguridade e vixilancia.

-Seguros de responsabilidade civil.

2. Todos os proxectos e produtos que se elaboren con cargo ás subvencións concedidas deberán utilizar adecuadamente as identificacións que estableza a Dirección Xeral de Formación e Colocación e, en todo caso, incluír en toda a documentación o logotipo da Unión Europea (Fondo Social Europeo), e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

3. Os dereitos de explotación dos proxectos e produtos financiados cederanse á Dirección Xeral de Formación e Colocación, que será a garante da súa difusión e transferibilidade.

Neste sentido, e sempre que lle sexa requirido, o representante legal da entidade solicitante da subvención comprometerase por escrito a realizar esa cesión, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

Quedan excluídas da previsión establecida neste artigo as actuacións sometidas ao ámbito de aplicación do réxime xurídico das contratacións coas administracións públicas.

Artigo 9º.-*Requisitos da solicitude.*

1. Todas as solicitudes se presentarán segundo o modelo oficial recollido no anexo I desta orde.

2. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial (<http://traballobenestar.xunta.es>) a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos referidos datos, sempre con respecto ao establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. As solicitudes irán acompañadas da seguinte documentación:

a) Memoria do programa. Considerarase requisito imprescindible para a valoración da solicitude. Esta memoria referirase aos seguintes aspectos, na orde que se indica:

-Descrición do programa, que inclúa unha enumeración detallada de cada unha das accións que o compoñen e atenda aos distintos tipos e proxectos onde se enmarcan as ditas accións.

-Duración total do programa (número de meses) indicando a data de inicio e fin de cada unha das accións propostas.

-Lugar onde se van desenvolver as accións, co enderezo completo.

-Número de participantes.

-Valoración económica do custo total do proxecto, e determinación dos conceptos de gastos subvencionados

e da estimación por persoa atendida e inserida, así como o cofinanciamento da entidade subvencionada.

-Actividades, sectores e ámbito territorial en que se pretende actuar.

-Relación de medios materiais e recursos humanos de que se dispón ou de que se dotará o solicitante, na cal se especifiquen as condicións daqueles, o seu historial formativo e laboral e as súas capacidades, con indicación dos que se van afectar para levar a cabo as accións propostas.

-Obxectivos de inserción laboral previstos, que deberán ser, polo menos, os indicados no artigo 6 desta orde.

b) Copia compulsada da escritura pública de constitución e dos estatutos, onde conste que a entidade solicitante dispón de personalidade xurídica e carece de fins lucrativos. Quedan exceptuadas da presentación destes documentos as corporacións locais.

c) Orixinal ou copia compulsada da documentación acreditativa da capacidade do representante legal da entidade solicitante, para actuar en nome e representación dela.

d) Copia compulsada da tarxeta de identificación fiscal da entidade solicitante.

e) Datos bancarios onde se desexa percibir a subvención (anexo II).

f) Declaración do conxunto de todas as solicitudes de axudas presentadas ou concedidas, para o mesmo programa, das distintas administracións públicas ou de calquera dos seus organismos autónomos, entes ou sociedades (anexo III).

g) Declaración de non estar incurso en ningunha das circunstancias recollidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das entidades beneficiarias e da súa publicación na citada páxina web.

5. A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia segundo o disposto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

6. De conformidade co establecido no artigo 71.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o órgano competente para a instrución poderalles requirir, de ser o

caso, ás entidades solicitantes que completen ou reparen os requisitos preceptivos sinalados nas epígrafes anteriores no prazo de dez (10) días hábiles, a partir do seguinte ao da recepción da notificación correspondente.

7. As solicitudes e a documentación requirida presentaranse, de conformidade co anexo I, nas oficinas do rexistro da Administración autonómica ou en calquera rexistro público, de conformidade co disposto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Artigo 10º.-*Prazo.*

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

Artigo 11º.-*Criterios de valoración dos programas.*

A convocatoria das subvencións será resolta de acordo cos seguintes criterios:

a) Calidade e adecuación cos obxectos e resultados previstos e as metodoloxías e ferramentas empregadas, ata 20 puntos.

b) Taxa migratoria sobre a poboación total do ámbito territorial en que se realicen os itinerarios integrados de inserción, entendendo como tal o número de inmigrantes empadroados no ámbito territorial en que se realicen as accións en relación coa poboación total deste, ata 6 puntos.

c) Contribución á integración sociolaboral, mediante accións dirixidas a mulleres e colectivos especialmente desfavorecidos, que se desprenda do contido da memoria: *Vítimas dos malos tratos, mozos, discapacitados*, ata 12 puntos.

d) Inclusión de prácticas non laborais nas empresas, de polo menos o 25 % das horas totais da acción formativa, figurando na memoria inicial a relación das ditas empresas onde está previsto desenvolver as prácticas, ata 7 puntos.

e) O emprego da lingua galega no desenvolvemento das accións, 5 puntos.

Artigo 12º.-*Procedemento de concesión de subvencións.*

1. O procedemento que se seguirá na tramitación dos expedientes será o de concorrencia competitiva establecido no artigo 19.1º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O órgano competente para a instrución será a Subdirección Xeral de Colocación.

3. Unha vez analizadas as solicitudes presentadas, os expedientes serán sometidos ao informe dunha comisión de valoración composta polo/a subdirector/a xeral de Colocación, o/a xefe/a do Servizo de Orientación Laboral, que actuará como secretario/a, e unha persoa funcionaria adscrita á dita subdirección.

4. O/a subdirector/a xeral de Colocación, á vista do informe emitido pola comisión de valoración, ditará, logo da fiscalización pola intervención delegada, proposta de resolución motivada.

Os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación. Transcorrido este sen que se producise manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

5. A resolución do procedemento, que será motivada, correspóndelle á/ao directora/o de Formación e Colocación, por delegación da/do conselleira/o de Traballo e Benestar.

6. A resolución e notificación dos expedientes deberase producir nun prazo de seis meses contados desde o día seguinte ao da entrada da solicitude no correspondente rexistro. Deberase ter en conta o disposto nos artigos 59.6º b) e 58.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Transcorrido o dito prazo sen que recaese resolución expresa, esta entenderase desestimada.

7. A resolución que pon fin aos procedementos regulados nesta orde esgota a vía administrativa, polo que contra ela se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación do dito acto se fose expreso, ou seis meses se non o fose, contados neste caso a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, de acordo co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

8. Potestativamente, con anterioridade á interposición do dito recurso contencioso-administrativo, e de acordo co establecido nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que ditou o acto administrativo, no prazo dun mes se o dito acto fose expreso e, se non o fose, o prazo será de tres meses e contarase a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno para a defensa dos dereitos e intereses das entidades solicitantes e outros posibles interesados.

9. No caso de que, unha vez resolto o procedemento de concesión das subvencións, non se atendesen as necesidades de actuación detectadas e existise dispoñibilidade orzamentaria suficiente, a Consellería de Traballo e Benestar poderá abrir un novo prazo de presentación de solicitudes.

10. As resolucións de concesión serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 13º.-Xustificación.

A acreditación dos diferentes conceptos de gastos subvencionables realizarase presentando a seguinte documentación:

a) Retribucións de persoal:

-Copia compulsada do contrato.

-Copia compulsada do TC1 e TC2 correspondentes aos meses imputados.

-Copia compulsada das nóminas correspondentes aos meses imputados.

-Copia compulsada do impreso de liquidación nominal do IRPF.

-Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo) que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.

b) Gastos imputables ás accións realizadas en concepto de axudas de custo e desprazamentos, contratación de medios externos, gastos de amortización de materiais ou equipos e gastos xerais, materiais e técnicos necesarios.

A acreditación deste bloque de gastos farase mediante as facturas correspondentes, orixinais ou copias compulsadas acompañadas dos xustificantes de pagamento destas. Todas as facturas presentadas como xustificantes deberán estar referidas de forma inequívoca á entidade subvencionada e ao período que abrangue a subvención.

c) Rastrexabilidade dos pagamentos: para aceptar os gastos como xustificadas é necesario que se identifique claramente a correspondencia entre a factura/nómina e o xustificante de pagamento, aparecendo especificado o número de factura no concepto do xustificante bancario, posto que a simple coincidencia de provedor e importe non é garantía suficiente. Se o xustificante inclúe o pagamento de varias facturas e non se especificaron todas no concepto de xustificante bancario, o dito xustificante deberá ir acompañado do total das facturas que estean afectadas por el. Así mesmo, en ningún caso se darán por válidos os xustificantes de pagamento corrixidos con notas á man, rectificando calquera equivocación.

Artigo 14º.-Forma de pagamento.

O pagamento da subvención realizarase do seguinte xeito:

1. Poderanse realizar pagamentos anticipados que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención de acordo coas seguintes condicións e de conformidade co disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Cando o importe da subvención non supere os 18.000 euros, poderase conceder un anticipo de ata un 80% da subvención concedida.

b) Cando o importe da subvención concedida supere os 18.000 euros, poderase conceder un anticipo dun 10% adicional sobre o importe que exceda a dita cantidade.

Ao abeiro do disposto no artigo 65.4º f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as entidades beneficiarias destas subvencións están exentas de constitución da garantía exixida no artigo 67 do dito regulamento.

Procederase ao aboamento dos ditos anticipos a partir do momento en que a entidade subvencionada presente a seguinte documentación:

a) Certificado de inicio das accións (anexo IV).

b) Copia compulsada do contrato ou contratos do persoal que realizará as accións.

c) Certificado de alta na Seguridade Social do dito persoal.

d) Copia dos DNI das persoas que van participar no programa.

e) Copia das tarxetas de demanda de emprego das persoas que van participar no programa.

f) Ficheiro informático, en formato de folla de cálculo, no cal figure o nome, apelidos e o NIF de cada unha das persoas que van participar no programa.

g) Fichas de control de accións, correspondentes ao inicio, asinadas por cada unha das persoas que van participar no programa.

2. As entidades subvencionadas deberán presentar a liquidación final da subvención ata o 10 de decembro de 2010, polo que deberán efectuar a xustificación de todos os gastos realizados con cargo á subvención ata o 30 de novembro de 2010, e por parte da Dirección Xeral de Formación e Colocación procederase a liquidar o importe que corresponda, de acordo coa xustificación presentada e cos anticipos percibidos pola entidade correspondentes á subvención concedida.

3. En todo caso, as certificacións e xustificacións presentadas polas entidades participantes nos programas deberanse axustar ao disposto no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e xustificar de modo fidedigno os pagamentos realizados con cargo á subvención (certificacións bancarias, transferencias bancarias ou cheque nominativo que xustifique o pagamento de nóminas, etc.).

4. A entidade subvencionada presentará a liquidación final dos gastos realizados, que conterá polo menos os seguintes datos:

a) Relación dos participantes no programa atendidos e dos inseridos. A dita relación remitirase nun ficheiro informático, en formato de folla de cálculo, no cal figure o nome e apelidos de cada usuario así como o seu NIF.

b) Copia dos contratos de traballo dos usuarios inseridos, ou alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou, de ser o caso, colexio profesional e mutualidade que corresponda.

c) Fichas de control de accións, que se corresponden coa finalización delas, asinada por cada un dos participantes no programa.

d) Certificación de gastos realizados (anexo V), onde deberán constar os gastos de persoal e a relación de facturas, acompañada da documentación especificada no artigo 12º desta orde.

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

5. Xunto coa xustificación sinalada na epígrafe anterior, a entidade beneficiaria deberá presentar ao Servizo Público de Emprego de Galicia unha memoria final de actividades onde se faga constar unha descrición detallada da execución do programa e a identificación das persoas atendidas e/ou inseridas no mercado de traballo.

6. O Servizo Público de Emprego de Galicia verificará o nivel de inserción efectivo que a entidade beneficiaria certifica. Se nesa verificación se comprobase que a porcentaxe de inserción laboral dos usuarios atendidos é menor do obxectivo previsto no programa, a Dirección Xeral de Formación e Colocación procederá a realizar o desconto correspondente, de tal xeito que as cantidades resultantes, segundo corresponda, ben deixarán de ser aboadas pola Dirección Xeral de Formación e Colocación ou ben serán reintegradas pola entidade beneficiaria, conxuntamente o disposto no artigo 16 desta orde.

No caso de que a xustificación fose incorrecta, requiriráselle á entidade que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de dez (10) días, e advertiráselle que, de non facelo, se procederá, se é o caso, a reclamar o reintegro, total ou parcial, da axuda concedida, nos termos e coas condicións sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-Obrigas das entidades beneficiarias.

1. As entidades beneficiarias das axudas previstas nesta orde están obrigadas a facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da comunidade autónoma, polo Tribunal de Contas ou polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas. Deberanse someter ao establecido no artigo 11 c da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Igualmente, as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar á oficina de emprego correspondente os datos básicos das persoas desempregadas que se incorporan ao programa, así como as baixas e as novas incorporacións a el.

3. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención ou o incumprimento dalgunha das obrigas sinaladas nesta orde poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

4. A/o beneficiaria/o da subvención estará obrigada a conservar os xustificantes da realización da actividade que fundamenta a concesión da subvención, así como da aplicación dos fondos recibidos. O prazo será de catro anos e computarase a partir do momento en que finalice o período establecido para presentar a citada xustificación por parte da/o beneficiaria/o. No suposto de accións cofinanciadas con fondos comunitarios, aplicarase a este respecto o que estableza a normativa comunitaria.

5. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á/o beneficiaria/o en cada caso coa identificación en conta separada ou epígrafe específica da súa contabilidade de todos os ingresos e gastos de execución das accións realizadas, coa referencia común a todos eles de fomento da empregabilidade.

6. Incluír, en toda a documentación relativa ás accións reguladas nesta orde, o logotipo da Unión Europea e da Xunta de Galicia (Consellería de Traballo e Benestar).

Nos anuncios de convocatoria, na publicidade en xeral e en calquera outra documentación relativa aos cursos non se poderán utilizar outros *slogans*, símbolos e/ou logotipos que os especificados nos puntos anteriores.

Artigo 16º.-Seguimento das accións.

1. Sen prexuízo das facultades inspectoras que teñan atribuídas outros órganos da Administración do Estado e da comunidade autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar realizará e fará públicos na súa páxina web oficial os datos de inserción dos/as beneficiarios/as destas subvencións para a comprobación do cumprimento do disposto nesta orde e demais normativa vixente que resulte de aplicación.

2. Así mesmo, a Consellería de Traballo e Benestar realizará comprobacións e verificacións, presen-

ciais e aleatorias, co obxecto de avaliar cuantitativa e cualitativamente o desenvolvemento das accións previstas nesta orde en calquera das entidades beneficiarias da subvención.

Nas visitas de seguimento por parte da Consellería de Traballo e Benestar, as entidades beneficiarias das subvencións previstas nesta orde facilitarán o acceso ás instalacións en que se realizan as accións, así como a toda a documentación de carácter técnico, administrativo, informático ou contable que teña relación coa subvención concedida que se lles solicite.

Nas visitas de seguimento elaborárase un informe que asinarán o responsable da visita e o responsable da entidade. A sinatura do responsable da entidade non implicará a conformidade co contido do informe.

Artigo 17º.-*Reintegro das subvencións.*

1. Procederá o reintegro das cantidades percibidas nos seguintes casos:

- a) Incumprimento da obriga de xustificar a realización da actividade.
- b) Incumprimento da finalidade para a que a axuda foi concedida.
- c) Incumprimento por parte da entidade subvencionada das obrigas sinaladas nesta orde.
- d) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos nesta orde.
- e) Obstaculización das actuacións de seguimento e control polas institucións facultadas e incumprimento da obriga de información de datos.

2. Transcorridos seis meses desde a finalización do prazo previsto para a execución dos proxectos, o Servizo Público de Emprego de Galicia comprobará se o nivel de inserción laboral se corresponde co acreditado na liquidación da subvención e exixirá, no caso contrario, a devolución proporcional da subvención indebidamente percibida. O procedemento de reintegro axustarase ao previsto no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. No caso de que as insercións certificadas pola entidade beneficiaria correspondan a traballadores/as inseridos por conta propia, a comprobación sinalada no punto anterior levarase a cabo transcorrido un ano desde a finalización do prazo previsto para a execución dos programas.

Artigo 18º.-*Réxime de compatibilidade.*

As subvencións a que se refire o programa serán compatibles con calquera outra que se poida percibir, para a mesma finalidade, proveniente de organismos ou institucións de carácter privado ou público, estatais ou internacionais. Para tal efecto deberán declarar todas as axudas solicitadas e/ou concedidas para os mesmos obxectos subvencionables, no momento no que se obteñan e, en todo caso, antes de proceder á xustificación dos fondos percibidos no anexo III desta orde.

Artigo 19º.-*Participación institucional.*

A participación dos axentes sociais para os efectos do Servizo Público de Emprego efectuarase a través do Comité Autonómico de Emprego.

Disposicións adicionais

Primeira.-As accións incluídas nesta orde financiaranse con cargo ás consignacións orzamentarias que figuran na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2010 nas seguintes aplicacións: 12.05.322B.461.0, código proxecto 2010 00801, cun importe de 437.954 euros, e 12.05.322B.481.2, código proxecto 2010 00801, cun importe de 712.049 euros.

As ditas consignacións estarán supeditadas ás modificacións orzamentarias que se poidan realizar como consecuencia de incrementos das cantidades asignadas á comunidade autónoma pola Administración do Estado.

Segunda.-De conformidade coas epígrafes 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, a consellería competente en materia de facenda publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións impostas por consecuencia delas nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade.

Terceira.-Apróbase a delegación de atribucións da/do conselleira/o de Traballo e Benestar na/no directora/or xeral de Formación e Colocación para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para exixir o reintegro das subvencións, de ser o caso.

Cuarta.-En todo o non previsto nesta disposición será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2008, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a/o directora/or xeral de Formación e Colocación para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2010.

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ANEXO I



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

PROCEDEMENTO SUBVENCIÓNS A ENTIDADES PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL DIRIXIDAS A INMIGRANTES	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO TR304A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DE IDENTIFICACIÓN DA ENTIDADE SOLICITANTE

NOME OU RAZÓN SOCIAL		IDENTIFICACIÓN SOCIAL	
REPRESENTANTE LEGAL		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
ENDEREZO ELECTRÓNICO			

Don/Dona _____, con DNI número _____,

DECLARA BAIXO XURAMENTO:
Que reúne todos e cada un dos requisitos exixidos no artigo 4 da Orde do 27 de maio de 2010, e

SOLICITA:
Para a entidade _____ que se lle conceda a subvención solicitada para:

A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL DIRIXIDAS A INMIGRANTES.

Igualmente, Don/Dona _____ comprométese a ceder á Dirección Xeral de Formación e Colocación os proxectos e produtos financiados con cargo a esta orde, de acordo cos requisitos establecidos no texto refundido da Lei de propiedade intelectual, aprobado polo Real decreto legislativo 1/1996, do 12 de abril.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde, e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas puidesen impoñerse, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE CONFORME O ARTIGO 9.3º DA ORDE DO 27 DE MAIO DE 2010

MEMORIA DO PROGRAMA:

- 1. DESCRICIÓN DO PROGRAMA, DETALLANDO CADA UNHA DAS ACCIÓNS.
- 2. DURACIÓN TOTAL DO PROGRAMA, INDICANDO A DATA DE INICIO E FIN DE CADA UNHA DAS ACCIÓNS.
- 3. LUGAR ONDE SE VAN DESENVOLVER AS ACCIÓNS.
- 4. NÚMERO DE PARTICIPANTES.
- 5. VALORACIÓN ECONÓMICA DO CUSTO TOTAL DO PROXECTO, E DETERMINACIÓN DOS CONCEPTOS DE GASTOS SUBVENCIONABLES E A ESTIMACIÓN POR PERSOA ATENDIDA E INSERIDA, ASÍ COMO O COFINANCIAMENTO DA ENTIDADE SUBVENCIONADA.
- 6. ACTIVIDADES, SECTORES E ÁMBITO TERRITORIAL NOS CALES SE PRETENDE ACTUAR.
- 7. RELACIÓN DE MEDIOS MATERIAIS E RECURSOS HUMANOS DE QUE SE DISPÓN E AS QUE SE DOTARÁ O SOLICITANTE, NA CAL SE ESPECIFIQUEN AS CONDICIÓNS DAQUELES, O SEU HISTORIAL FORMATIVO E LABORAL E AS SÚAS CAPACIDADES, CON INDICACIÓN DOS QUE SE VAN AFECTAR PARA LEVAR A CABO AS ACCIÓNS PROPOSTAS.
- 8. OBXECTIVOS DE INSERCIÓN LABORAL PREVISTOS (DEBERÁN SER, POLO MENOS, OS INDICADOS NO ARTIGO 5º DA ORDE).

COPIA COMPULSADA DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN E DOS ESTATUTOS DA ENTIDADE.

DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DA CAPACIDADE DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE PARA ACTUAR EN NOME E REPRESENTACIÓN DELA.

COPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL DA ENTIDADE SOLICITANTE.

DATOS BANCARIOS ONDE SE DESEXE PERCIBIR A SUBVENCIÓN (ANEXO II).

DECLARACIÓN DE CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES DE AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA O MESMO PROXECTO, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS OU DE CALQUERA DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, ENTES OU SOCIEDADES (ANEXO III).

DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSA EN NINGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS RECOLLIDAS NO ARTIGO 10 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 27 de maio de 2010 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas a persoas inmigrantes e se procede á súa convocatoria.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE
REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	DATA DE EFECTOS
	DATA DE SAÍDA

ANEXO II



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

FICHA DE SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA BANCARIA

TITULAR DA CONTA <input type="text"/>		DNI/NIF <input type="text"/>	
ENDEREZO <input type="text"/>			
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>

DATOS DA CONTA

CÓDIGO ENTIDADE FINANCEIRA <input type="text"/>	CÓDIGO DA SUCURSAL <input type="text"/>	DÍXITOS DE CONTROL <input type="text"/>	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE <input type="text"/>
ENTIDADE FINANCEIRA <input type="text"/>	ENDEREZO <input type="text"/>		
PROVINCIA <input type="text"/>	CONCELLO <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	

CERTIFICO:

Que os datos arriba reflectidos son correctos e corresponden ao titular e número de conta.

_____, de _____ de _____

Sinatura do/a solicitante

Sinatura e selo da entidade financeira

ANEXO III



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

DECLARACIÓN DAS AXUDAS SOLICITADAS OU CONCEDIDAS, PARA A MESMA FINALIDADE, DAS DISTINTAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS COMPETENTES

EXP. Nº

Don/Dona , con DNI número ,
 en nome e representación da entidade , con NIF/CIF número ,
 en calidade de dela,

DECLARA:

Que nas datas que a continuación se relacionan presentou solicitude/s e, se é o caso, que lle foi concedida a seguinte axuda para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, ENTE OU SOCIEDADE PÚBLICA A QUE LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE SOLICITUDE	DATA DE CONCESIÓN	CONTÍA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Non ter solicitado nin, en consecuencia, concedida, ningunha axuda, para o mesmo fin, das distintas administracións públicas competentes.

_____, de _____ de _____
 Sinatura

Directora xeral de Formación e Colocación

ANEXO IV



UNIÓN EUROPEA

FONDO SOCIAL EUROPEO
O FSE inviste no teu futuro

COMUNICACIÓN DE INICIO DAS ACCIÓNS

Don/Dona , en representación
 da entidade , con NIF , que ten concedida unha
 subvención ao abeiro da Orde do 27 de maio de 2010 para a realización de accións de orientación, formación e inserción laboral dirixidas
 a inmigrantes, aprobada por resolución da Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo e Benestar, do , e número de
 expediente .

COMUNICA:

Á Subdirección Xeral de Colocación, da Dirección Xeral de Formación e Colocación que con data do se iniciaron as actividades correspondentes a:

REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE ORIENTACIÓN, FORMACIÓN E INSERCIÓN LABORAL DIRIXIDAS A INMIGRANTES.

_____, de _____ de _____
 Sinatura e selo da entidade

Asdo: _____

Directora xeral de Formación e Colocación

ANEXO V

MODELO DE CERTIFICACIÓN DE GASTOS CORRESPONDENTE AO ANO 2010



Don/Dona [] en calidade de [] do centro []
 con NIF [] e número de expediente []

CERTIFICA:

Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións do expediente de referencia, correspondentes ao período comprendido entre o día [] e o día [] se destinou aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a elas, e que os gastos efectuados para tal fin, con cargo á dita subvención, son os que se detallan a continuación:

1. GASTOS DO PERSOAL

RELACIONAR TÉCNICOS E OS MESES QUE SE IMPUTAN	SALARIO BRUTO	COTIZACIÓN S.S.	% QUE SE VAI APLICAR (*)	TOTAL
[]	[]	[]	[]	[]
SUBTOTAL 1.1				[]
TOTAL 1				[]

(*) No caso de que se trate de persoal que xa prestase servizos na entidade antes do inicio do programa, imputaranse as partes proporcionais do tempo efectivamente dedicado ao proxecto.

2. AXUDAS DE CUSTO

CONCEPTO	NÚMERO FACTURA	DATA FACTURA	NIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	% QUE SE VAI APLICAR	TOTAL IMPUTABLE
A) GASTOS QUE SE ORIXINEN POR AXUDAS DE CUSTO E DESPRAZAMENTOS NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACCIÓNS	[]	[]	[]	[]	[]	[]	[]
SUBTOTAL 2						[]	[]
TOTAL 2						[]	[]

3. GASTOS CONTRATACIÓN MEDIOS EXTERNOS

CONCEPTO	NÚMERO FACTURA	DATA FACTURA	NIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	% QUE SE VAI APLICAR	TOTAL IMPUTABLE
A) GASTOS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN DE MEDIOS EXTERNOS DIRIXIDOS A FORMACIÓN DOS DESEMPREGADOS	[]	[]	[]	[]	[]	[]	[]
B) PÓLIZAS DE SEGUROS PARA A FORMACIÓN TÉCNICA E PRÁCTICAS OCUPACIONAIS	[]	[]	[]	[]	[]	[]	[]
SUBTOTAL 3						[]	[]
TOTAL 3						[]	[]

4. GASTOS AMORTIZACIÓN

CONCEPTO	NÚMERO FACTURA	DATA FACTURA	NIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	% QUE SE VAI APLICAR	TOTAL IMPUTABLE
A) GASTOS DE AMORTIZACIÓN MOBILIARIO E MATERIAL INVENTARIABLE (PODERÁ AMORTIZARSE DURANTE OS 5 ANOS SUCESIVOS Á SÚA ADQUISICIÓN) FÓRMULA <i>Importe total que se vai amortizar: 60 meses=costo mensual</i> <i>Costo mensual x n° de meses do programa=importe da amortización</i>							
B) GASTOS DE AMORTIZACIÓN MATERIAL INFORMÁTICO (PODERÁ AMORTIZARSE DURANTE OS 3 ANOS SUCESIVOS Á SÚA ADQUISICIÓN) FÓRMULA <i>Importe total que se vai amortizar: 36 meses=costo mensual</i> <i>Costo mensual x n° de meses do programa=importe da amortización</i>							
SUBTOTAL 4							
TOTAL 4							

5. GASTOS XERAIS

CONCEPTO	NÚMERO FACTURA	DATA FACTURA	NIF	RAZÓN SOCIAL	TOTAL FACTURA	% QUE SE VAI APLICAR	TOTAL IMPUTABLE
A) GASTOS DE ELABORACIÓN DE MATERIAL TÉCNICO							
B) GASTOS EN MATERIAL DE OFICINA, IMPRESOS E MATERIAL FUNXIBLE							
C) GASTOS XERAIS PARA A ELABORACIÓN DAS ACCIÓNS:							
C.1) ALUGUERES (LEASING EXCLUÍDO)							
C.2) SEGUROS DE RESPONSABILIDADE CIVIL							
C.3) MANTEMENTO (SE NON ESTÁ INCLUÍDO NO ALUGUER)							
C.4) SUBMINISTRACIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, AUGA, COMBUSTIBLE PARA CALEFACCIÓN (SE NON ESTÁ INCLUÍDO NO ALUGUER), COMUNICACIÓNS (TELÉFONOS, CORREOS), LIMPEZA, SEGURIDADE E VIXILANCIA							
TOTAL 5							
TOTAL GASTOS (1+2+3+4+5)							

* No papel con logotipo da entidade
Lembren que todas as follas do certificado deben estar asinadas e seladas